

CONTRATAION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACION DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DO CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDOY” E SUBMINISTRACION DE COMIDAS ÓS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA. MODIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS. APERTURA DE NOVO PROCEDEMENTO DE LICITACION.

ANTECEDENTES

I.- Informe sobre a necesidade de contratacion da xestión do servizo público municipal de centro de día “Novo Antonio Gandoy” e subministracion de comida ós usuarios do dito centro acompañado de pregos de prescripci3ns t3cnicas de data 9 de marzo de 2009.

II .- Informe-proposta elaborada polo servizo de contrataci3n de data 30 de xuño de 2009.

III.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 18/568 de 22 de xullo de 2009 polo que se aproba a contratacion do servizo público municipal do Centro de Día “Novo Antonio Gandoy” e subministracion de comidas ós usuarios do centro de día así como os pregos de prescripci3ns t3cnicas e de cl3usulas administrativas particulares.

IV.- Anuncio de licitacion publicado no BOP de Lugo nº 190 de 20 de agosto de 2009.

V.- Informe da xefa de servizo de servizos sociais proponendo a modificacion de varios apartados dos pregos de prescripci3ns t3cnicas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

- Real Decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Os pregos de precripcións técnicas remitidas pola xefa de servizo de servizos sociais establecen na cláusula primeira o seguinte:

“É obxecto deste contrato a xestión do servizo público de titularidade municipal centro de día “ novo Antonio Gandoy”, de atención ás persoas maiores, sendo os servizos a prestar pola empresa adxudicataria: servizos de estancia diurna e transporte. O número de prazas a xestionar é de 50.

Dito servizo prestarase tódolos días da semana, excepto festivos, co seguinte horario:

De luns a sábado : de 8: 30 horas a 20:30 horas

Os domingos: de 11:00 horas a 18:00 horas

Debido a un erro de trasncripción, o suliñado non foi incorporado ós pregos de precripcións técnicas incluído no informe proposta do servizo de contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local , polo que os licitadores descoñecen o horario de apertura do centro.

SEGUNDA.- En data 2 de setembro de 2009 a xefa de servizo de servizos sociais informa da necesidade de realizar unha serie de modificacións en varios apartados relativos ó lote 2 de subministración de comidas ós usuarios todo isto para unha mellor prestación do servizo e antes da apertura de ofertas e adxudicacion provisional do contrato, e que literalmente establece:

“Este servizo ten elaborado os pregos de precripcións técnicas para a contratacion da xestión do servizo público municipal de centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención ás persoas mariores e de subministración de comida a dito centro, actualmente en licitación.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Concretamente e polo que se refire ó Lote 2 – subministracion de comida ó centro de día novo Antonio Gandoy- establecíase na cláusula segunda unha serie de requisitos en canto ó proceso de elaboracion dos pratos así como de distribución que contempla só a posibilidade do proceso de abatemento en frío para a elaboracion e distribución de barquetas individuais.

A experiencia na xestión do centro fai conveniente que se amplíe estes requisitos co propósito de dar un mellor servizos ás persoas maiores usuarias do centro, todo esto con anterioridade á apertura de oferta e á adxudicacion provisional do contrato, para poder iniciar a prestación deste servizo público de modo máis satisfactorio para ós usuarios e polo tanto mellor dende o punto de vista do interese público

*Así propónse unha nova redaccion á **clausula segunda** do prego de prescripcóns técnicas **apartados 3º, 4º e 5º** que quedarían como segue:*

*3. - O proceso de elaboración dos pratos será a través de abatemento en frío **agás nos casos de elaboracion dos menús no propio día de distribución nos que non será necesario o dito proceso, todo esto sen prexuízo de que a empresa deba dispor do dito sistema de abatemento.** A preparación e elaboración do xantar realizarase nas instalacións do adxudicatario e en ningún caso nas dependencias do centro de día, salvo almozos e merendas, en consecuencia o adxudicatario deberá dispor dun sistema de produccón en cadea que garantice a seguridade alimentaria e a conservacón das características das comidas.*

*4.- As comidas e pratos cociñados deberán sumministrarse a temperatura adecuada **para o seu consumo inmediato** e coas garantías hixiénicas que contempla a lexislación vixente e deben cubrir as necesidades de toda a semana.*

*5.- A distribución dos menús levarase a cabo con entregas diarias, e realizarase en furgóns isotérmicos. **A empresa facilitará diariamente a louza necesaria para o consumo dos menús do xantar e a retirará ó longo do día para a súa limpeza pola empresa.***

TERCEIRA.- A cláusula décimo terceira dos pregos de clausulas administrativas para a contratacion da obra de referencia establece no seu apartado terceiro “ O órgano de contratacion poderá renunciar á celebracion do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

O artigo 139.2 da LCSP establece

“ A renuncia á celebracion do contrato ou o desistimento do procedemento só poderá acordarse polo órgano de contratacion antes da adxudicacion provisional. En ámbolos dous casos compensarase ós candidatos ou licitadores polos gastos en que houberan incorrido na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.

Só poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitacion do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a súa renuncia.

O desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción don subsanable das normas de preparacion do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. O desistimento non empecerá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.”

CUARTA.- No presente caso tense detectado un erro de transcripción con posterioridade á licitacion e que pode provocar que o ofertado polas empresas non coincida cos intereses municipais reflectidos nos pregos técnicos elaborados polo servizo proponente do contrato . Asimesmo consta informe de servizos sociais que pon de manifesto a necesidade de modificar determinados apartados do prego de prescripcóns técnicas relativo á elaboracion e distribucion da comida ós usuarios.

Procede , a xuízo dos que subscriben, o desistimento do procedemento previsto no artigo 139.4 da LCSP xa que se trata dun erro na tramitación do procedemento de licitación procedendo posteriormente á modificacion inmediata do prego de precripcóns técnicas e á unha nova licitacion, quedando así subsanadas as razóns que motivaron o desestimento.

QUINTA.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o desestimento do procedemento así como a modificacion dos pregos de precripcóns técnicas de referencia, é a Xunta de Goberno Local por aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local , e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDYOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de licitacion para a contratacion do servizo público municipal do centro de día “Novo Antonio Gandoy” sito na rúa Carril das Hortas e subministracion de comidas ós usuarios do centro de día aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 22 de xullo de 2009, polos motivos expostos na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e o novo prego de prescripcóns técnicas que rexerán a licitacion do procedemento para a contratacion do servizo público municipal do centro de día “Novo Antonio Gandoy” sito na rúa Carril das Hortas e subministracion de comidas ós usuarios do centro de día , e que son do seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PUBLICO MUNICIPAL DO CENTRO DE DÍA “ NOVO ANTONIO GANDYOY” SITO NA RÚA CARRIL DAS HORTAS E SUBMINISTRACION DE COMIDAS ÓS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a xestión do servizo público de titularidade municipal do Centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención ás persoas maiores sito na rúa Carril das Hortas así como a subministracion de comidas ós usuarios do dito Centro de Día, segundo o disposto no prego de prescripcóns técnicas elaborado polos Servizos Sociais do Concello de Lugo.

O obxecto do presente contrato dividirase en dous lotes susceptibles de licitación e adxudicación por separado:

- **Lote 1: Xestion do Centro de Día “ Novo Antonio Gandoy”**
- **Lote 2: Subministracion de comidas ós usuarios do Centro de Día “ Novo Antonio Gandoy”**

CNAE 2009 . 88.11 Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores.

56.29 outros servizos de comidas

CPV: 85312100-0 Servizos de centros de día
15894200-3 Comidas preparadas

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de xestión de servizo público, recollido e regulado nos artigos 8, 116, 117 e 251 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Para a xestión do centro de día “Novo Antonio Gandoy” utilízase a modalidade de concesión en virtude do cal o empresario xestionará o servizo ó seu propio risco e ventura. Respecto o contrato de subministración de comidas ós usuarios utilízase a modalidade de concerto con persoa natural ou xurídica que veña realizando prestacións análogas ás que constitúen o servizo público de que se trate. Todo iso en virtude dos apartados a) e c) respectivamente do artigo 253 da LCSP.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Expresamente, faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración destes contratos será de UN ANO contado a partir da data de formalización dos contratos. Os contratos poderán ser obxecto de prórroga por períodos máximos de un ano máis, previo acordo do órgano de contratación que se adoptará con un mes de antelación á finalización do contrato, ata un máximo de catro anos incluídas as prórrogas

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

LOTE 1.- Para a xestión do centro de día “Novo Antonio Gandoy”

O valor estimado do contrato calculase tendo en conta os gastos de persoal necesario para a prestación do servizo e os custos de transporte.

En consecuencia o valor estimado do contrato para a primeira anualidade ascende a 349.932,18 euros polo que sumado o importe de IVE (7%) – 24.495,25 euros- resulta un total anual de 374.427,43 euros.

Considerando a prórroga do contrato o valor estimado do contrato ascende a 1.399.728,72 euros, ó que deberá engadirse o IVE.

LOTE 2.- Subministracion de comidas ós usuarios do centro de día “Novo Antonio Gandoy”

O valor estimado do contrato calcúlase sobre o prezo/menú, isto é, **5,61 euros máis o IVE (7%)**

O número de menús estimados para cada anualidade ascende a 18.000 polo que o valor estimado do contrato para a primeira anualidade é de 100.980 euros polo que sumado o importe de IVE (7%) – 7.068,60 euros- resulta un total anual de 108.048,60 euros.

Considerando a prórroga do contrato o valor estimado do contrato ascende a 403.920 euros, ó que deberá engadirse o IVE.

Existe consignación na partida 3236.22709 do vixente Orzamento xeral para a anualidade 2009 para un período estimado de cinco meses, debendo acordalo compromiso de incluír nos Orzamentos 2010 e seguintes o crédito necesario

3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servicios, taxas e toda clase de tributos, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

4. Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Nas restantes anualidades e no caso de prórroga, os prezos de adxudicación revisaranse conforme á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior.

O índice de revisión aplicado ó contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data de adxudicación do contrato. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 78 e seguintes da LCSP.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo procedemento aberto previsto e regulado nos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderá, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.- A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
- g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

Ademais da documentación sinalada, os licitadores deberán presentar obrigatoriamente:

- a) No caso do lote 1, certificación de estar rexistrados como entidades prestadoras de servizos sociais na Xunta de Galicia.**
- b) No caso do lote 2, certificación de estar rexistrados no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos.**

SEPTIMA- GARANTÍAS

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional polos seguintes importes:

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

- **10.497,96 euros no caso de licitar ó lote 1.**
- **3.029,40 euros no caso de licitar ó lote 2.**
- **13.527,36 euros no caso de licitar ós dous lotes.**

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ó da publicacion da adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP. De non se cumprir este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, e será de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladasn o artigo 84 LCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e B, OFERTA TÉCNICA e C , OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O **sobre denominado A, documentación administrativa**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do Servizo de Contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres e aboárase a correspondente taxa (9,70 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas así como demais documentación indicada.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, se é o caso, do derradeiro recibo do imposto sobre actividades económicas.

- Xustificante de constitución da garantía provisional polos importes seguintes:

- **10.497,96 euros no caso de licitar ó lote 1.**
- **3.029,40 euros no caso de licitar ó lote 2.**
- **13.527,36 euros no caso de licitar ós dous lotes.**

CONTRATAION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que achegar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:
 - Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.
 - Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.
 - Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado B, Oferta Técnica, conterà a seguinte documentación:

-Para o Lote 1 a documentación necesaria para poder avaliar os criterios indicados na cláusula 12.1 apartado b) e c). Así mesmo deberá achegar o Plan anual de formación que se oferte ó persoal da empresa así como o programa de traballo que incluíra tódolos aspectos necesarios para avalia-la oferta.

-Para o Lote 2 a documentación necesaria para poder avaliar os criterios indicados na cláusula 12.2 apartado b) e c).

A Memoria na que se describa os medios, organización e forma de prestación do servizo deberá incluír unha explicación pormenorizada da forma de preparación

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

dos alimentos, prevision do tempo máximo que transcorrerá dende a elaboracion dos alimentos e entrega ó usuario, e en xeral as demais condicións que permitan ós servizos municipais avalia-la calidade do servizo.

Tamén deberá acjehar o Manual de Dietas (conforme os pregos de prescripci3ns técnicas)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentaci3n complementaria estime conveniente para a mellor compresi3n e xustificaci3n da mesma.

O **sobre denominado C, Oferta Econ3mica**, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesi3n da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representaci3n de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contrataci3n da **XESTI3N DO SERVIZO PÚBLICO DE CENTRO DE DÍA”NOVO ANTONIO GANDOY” E SUBMINISTRACION DE COMIDAS ÓS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA**

b) Prop3n como prezos do contrato as seguintes cantidades para os seguintes lotes:

Lote 1: Xestion do Centro de Día “ Novo Antonio Gandoy”

Prezo anual excluído o IVE:.....euros

Importe do IVE:..... euros

Prezo total IVE incluído:euros

Lote 2: Subministracion de comidas ós usuarios do Centro de Día “ Novo Antonio Gandoy

Prezo/menú excluído o IVE:.....euros

Importe do IVE:..... euros

Prezo/menú IVE incluído:euros

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

c) **En todo caso (LOTE 1 e 2):** Declaración responsable pola que, de resultar adxudicatarios, obríganse a cumprir e acreditar, ante o órgano de contratación, o cumprimento da obriga sinalada no artigo 38.1 da Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos, agás que legalmente estivesen exentos dela.

O licitador poderá acompañar á súa oferta canda documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

VOCAIS:

- Sra. Concelleira Delegada da Área de Muller e Benestar Social.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de valoración** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

12.1.- LOTE 1) PARA A XESTIÓN DO DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE CENTRO DE DÍA

Propónse unha puntuación total de 100 puntos desglosados como segue:

a)PREZO OFERTADO Á BAIXA -----MÁXIMO 55 PUNTOS

A proposición que oferte o prezo máis baixo obterá a máxima puntuación (55 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

b) MELLORAS OU SERVIZOS OFERTADAS SEN CUSTO A MAIORES DAS PREVISTAS NOS PREGOS -----MÁXIMO 25 PUNTOS

A empresa poderá presentar dentro deste apartado outros servizos complementarios destinados a mellorar e incrementa-la calidade de vida das persoas usuarias.

A título de exemplo, e sen prexuízo doutros que se oferten, sinalanse: préstamo ó Concello de Lugo de material o axudas técnicas ou instrumentais para a posta á disposición dos usuarios, servizo de acompañamento gratuito con voluntarios, ampliación horaria na prestación do servizo, servizo de asesoramento ás familias, creación de programas específicos de intervención, transporte e acompañamento a probas específicas como sintrom etc.

No caso de presentar melloras estas deberán recoller periodicidade e outros aspectos que sirvan para valorar e puntuar adecuadamente as vantaxes das melloras e **en todo caso** estar **avaliadas economicamente polos** ofertantes (debe xustificarse o custo) sen prexuízo da posibilidade de comprobación da valoración económica polos técnicos dos servizos sociais previo estudo dos prezos no mercado.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Valorarase as melloras que directamente supoñan un beneficio para os usuarios e as súas familias, non se valoraran a aportacion de medios materiais ou utensilios que se consideren mínimos para a correcta prestación do servizo e que serán aportados necesariamente pola empresa.

c) MAIOR NÚMERO DE PROFESIONAIS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DIRECTA DO CONTRATO-----MÁXIMO 20 PUNTOS

Terase en conta a aportación doutros profesionais distintos ós que se inclúen no contrato ou maior número de horas dos profesionais esixidos como mínimo. No caso de ofertarse maior número de profesionais, o material que precisen para o desenvolvemento das súas funcións subministrarse pola empresa. Na oferta concretarase o número de horas diarias de prestación do servizo por parte destes profesionais.

12.2.- LOTE 2) PARA O SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE COMIDA

Propónse unha puntuación total de 50 puntos desglosados como segue:

a) PREZO OFERTADO Á BAIXA ----- MÁXIMO 30 PUNTOS

A proposición que oferte o prezo máis baixo obterá a máxima puntuación (30 puntos) e as proposicións que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

b) VALORACION DA MEMORIA----- MÁXIMO 10 PUNTOS

Valorarase a Memoria presentada polos licitadores na documentacion técnica. Terase en conta asimesmo para este parágrafo o rigor e a claridade na presentación do Manual de Dietas e a Memoria, a variedade dos menús e outros aspectos como os sistemas de calidade do servizo.

c) MELLORAS----- MÁXIMO 10 PUNTOS

Valorarase a achega de menús especiais en datas sinalados (Nadal, San Froilán,...)

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

necesarios. Deberá notificarselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa. Poderá declararse deserta a licitacion cando non exista oferta ningunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicacion que figuran nos pregos.

2.- No prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicacion provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalizacion do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a súa constitución, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDIMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a súa resolución así como a incautación da garantía provisional que, se é o caso, fose constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

Ó tratarse dun expediente con tramitación urxente, o Concello poderá acordar o comenzo da execución do contrato aínda que non se formalizase este, sempre que neste caso fora constituída a garantía correspondente.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. PERSOAL MÍNIMO DO CONTRATO. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Xefe/a de Servizo de Servizos Sociais do Concello de Lugo), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 258 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

5.- Vista normativa estatal , resolución de 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia, BOE de data 17 de decembro de 2008, na que se regulan ratios globais e específicos para persoal centros de día, normativa estatal a recoller polas comunidades

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

autónomas, e tendo en conta que o número de persoal que se prevé atender é de 50 prazas, o **número de persoal necesario** sería o seguinte:

10 coidadores, persoal de atención directa -xerocultores, sendo necesaria a presenza directa de 4 coidadores durante toda a xornada, polo que haberá que ter en conta as diferentes quendas.

1 director técnico coordinador, de luns a venres, se ben debe de estar localizable en calquera momento.

1 educador

1 gobernante, a xornada completa encargado xestión axentes externos

1 médico-xerentólogo, 4 horas semanais, de luns a venres

1 ATS/DUE, 10 horas semanais

1 fisioterapeuta, 20 horas semanais

1 terapeuta ocupacional, 20 horas semanais

1 animador, a media xornada de luns a venres

Servizo de perruquería/afeitado: 2 horas a semana

Servizo de podoloxía: 1 hora a semana

1 psicólogo, media xornada

Se ben dito número é orientativo puidendo resultar modificado á alta comprometéndose a empresa a achegar o persoal necesario para manter os ratios esixidos pola normativa vixente, dispoñendo en todo momento do persoal esixido no presente prego.

6.- De conformidade co **artigo 102 LCSP** establececese a obriga por parte da empresa de realizar medidas de promoción do emprego de persoas con dificultades de inserción no mercado laboral. A tal efecto e para os casos de baixas, substitución ou novas incorporacions de persoal para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente contrato a empresa deberá consultar ós servizos sociais municipais a existencia de persoas que puideran atoparse en tales circunstancias tales como mulleres en situación de desvantaxe social, inmigrantes, persoas de etnia xitana, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas discapacitadas, etc...

A comprobación da capacidade e aptitude destas persoas realizarase pola empresa adxudicataria, ós efectos da súa contratación laboral.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. SUBROGACION DE PERSOAL.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDROY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

6.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, se é o caso, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 38.1 da Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos** que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ó cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

Dende os Servizos Sociais comprobarase o cumprimento da obriga referida en calquera momento da vixencia do contrato ou, en todo caso, antes da devolución da garantía definitiva. A empresa presentará un certificado da empresa no que conste o número de traballadores en plantilla e copia compulsada dos contratos celebrados con traballadores con discapacidade e do certificado que acredite tal condición.

7.- Indicar que proximamente vence o contrato relativo a xestión do servizo público municipal do centro de día Antonio Gandoy, tendo previsto dende a Concellería de Servizos Sociais que as prazas existentes en dito centro de día pasen o novo centro novo Antonio Gandoy, así das 50 prazas previstas para o novo centro 20 corresponderíanse coas existentes no centro de día Antonio Gandoy. En consecuencia e polo que respecta ó persoal que presta servizo actualmente no Centro de día Antonio Gandoy resulta esencial para o

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

correcto funcionamento do servizo que a empresa adxudicataria se subroga na relación laboral con este persoal, persoal que se terá en conta tanto en número no momento de realizar as quendas como ós efectos de determinar os gastos de persoal.

Deste xeito, co fin de mante-la estabilidade do persoal no emprego, acadala profesionalización do sector e evitar, na medida do posible, a proliferación de contenciosos á empresa que resulte adxudicataria do servizo de xestión centro de día, subrogarse nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que presta actualmente o Servizo no CENTRO DE DÍA MUNICIPAL ANTONIO GANDOY, nos termos establecidos no artigo 63 do V Convenio marco estatal de servizos de atención ás persoas dependentes e desarrollo da promoción da autonomía persoal así como no II convenio colectivo residencias privadas da Terceira idade de Galicia, polo que **os/as traballadores/as adscritos á empresa prestadora do servizo no actual Antonio Gandoy pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria do servizo obxecto destes pregos. Achegase como ANEXO a relación de profesionais actuais da empresa que presta actualmente o servizo no actual centro de día municipal Antonio Gandoy.**

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o/s adxudicatario/s por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, achegarase , **previamente á formalización do contrato administrativo o seguinte:**

Para o LOTE 1:

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDROY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

un valor mínimo de 300.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia póliza de accidentes para os usuarios dos servizos, sendo as cuantías mínimas de capitais e garantías as seguintes:

morte 30.000 €

invalidez absoluta e permanente 30.000 €

asistencia sanitaria por accidentes ilimitada en centros concertados.

Ademáis dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

- Os vehículos para transporte de usuarios deberán contar con todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente para a circulación de vehículos a motor e transporte de persoas, deberán contar con tódolos seguros regulamentarios e deberán contratar unha póliza de seguro de ocupantes para tantas prazas como usuarios a transportar

Deberá contar así mesmo cunha póliza de seguro que cubra os riscos de accidente por traslado dos usuarios dende o seu domicilio ó vehículo e viceversa e dende o centro o vehículo e viceversa.

- Tarxeta da inspección técnica de vehículos (ITV) en vigor dos vehículos que se utilicen.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

En caso de accidente ou de perxuízo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

Para o LOTE 2.

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos suministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 300.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

Ademáis dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

En caso de accidente ou de perxuízo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance ó Concello de Lugo.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas polo técnico responsable da área de servizos sociais do Concello, a Concelleira Delegada da Área de Muller e Benestar Social e maila Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

Ademáis deberá presentarse xunto coa factura o seguinte:

Para o LOTE 1

Relación nominal de usuarios atendidos na mensuralidade e dos servizos realizados, incluíndo detalle dos servizos de transporte.

Así mesmo informará en relación a cada usuario das continxencias que impidan a normal prestación dos servizos tales como baixas temporais no servizo derivadas de causas imprevisibles ou de forza maior (hospitalización ou supostos similares), e entregará o responsable municipal, semanalmente, copias dos partes de transporte así como dos partes de incidencias.

Para o LOTE 2:

Relacion do número de menús entregados.

Nos supostos de ausencia do usuario, hospitalización, vacacións ou similares non se facturarán os menús non servidos, agás os menús servidos sempre que a ausencia do usuario sexa inferior a 3 días e non se poidera prever e notificar ó adxudicatario.

Asimesmo entregará, semanalmente, ó responsable municipal copias dos partes de entregas de comida así como copias dos partes de incidencias.

VIXÉSIMA. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDIMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infraccións se clasifican en leves, graves e moi graves.

Faltas Leves:

- a) Retraso ou descoido no cumprimento das obrigas.
- b) Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- c) En xeral, a falta de puntualidade ou o incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descuido excusable.
- d) Tódalas demais infraccións que non sexan graves ou moi graves.

Faltas graves:

- a) O trato incorrecto dos empregados da empresa cos usuarios.
- b) A falsidade ou falsificación dos servizos.
- d) Desobediencia grave das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- c) En xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas co usuario
- d) Non garda-lo debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que perxudique ó usuario ou ás familias empregándoo en proveito propio.

Faltas moi graves:

- a) O abandono do servizo, as faltas repetidas de puntualidade, a negligencia ou descuido continuado.
- b) A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa do Servizo, tanto na súa calidade como na cantidade.
- c) A negativa infundada a realiza-los servizos ou tarefas ordenados por escrito polos técnicos municipais ou persoas responsables, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.
- d) Cualquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccions e roubo ós usuarios do servizo.
- e) As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ó usuario.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído a tal efecto serán as seguintes:

- a) No caso de faltas leves; multa ata 300 euros
- b) No caso de faltas graves; multa de 301 a 900 euros.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

c) No caso de faltas moi graves; multa de 901 a 1803 euros.

A imposición de sancions requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darás audiencia ó contratista, practicarás a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observarás as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 262 e seguintes da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDIMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO

* Xuntar a acta de Constitución.

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:**SELO DA EMPRESA****D.N.I.:****FIRMA:****DATA:****ANEXO I DE PERSOAL QUE SE SUBROGA**

CATEGORÍA PROFESIONAL	TIPO CONTRATO	ANTIGÜIDADE DATA CONTRATO	XORNADA LABORAL
Coordinadora-educadora social	indefinido	15/08/98	Completa
Educadora	indefinido	27/12/02	Completa
Cuidadora	Obra o servizo	03/04/00	Completa

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Cuidadora	Indefinido	15/07/89	Completa
Cuidadora	Obra o servizo	01/12/03	Completa
Cuidadora	Indefinido	01/07/96	Completa
Cuidadora	Obra o servizo	01/07/03	Completa
Psicóloga	Obra o servizo	01/01/06	½ xornada

PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDOY” DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E DE SUBMINISTRACIÓN DE COMIDA A DITO CENTRO MUNICIPAL.

INTRODUCCIÓN

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23º do Estatuto de autonomía para Galicia, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución española ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais. Así a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, estableceu o sistema galego de servizos sociais como servizo público orientado á prestación programada de servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e da participación das persoas, especialmente das que sofren carencias ou desatencións.

Nos mesmos termos se pronuncia a nova lei reguladora dos servizos sociais, Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entrada en vigor marzo do presente ano, a cal establece a responsabilidade dos poderes públicos que garantirán o dereito subxectivo, universal e exixible aos servizos sociais con criterios de igualdade e equidade, mediante a dispoñibilidade de servizos sociais públicos a través da regulación e achega dos medios humanos, técnicos e financeiros e dos centros necesarios; establecendo no artigo 20 os seguintes servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica: entre eles a atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial.

Así mesmo a Lei 53/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece a necesidade de promover a creación e posta en marcha do sistema de atención á dependencia o cal require a regulación de novos centros e servizos así como a adaptación e optimización dos existentes.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Coa finalidade de cumprir co exposto e tendo en conta o principio de integración inspirador dos servizos sociais tendente a manter ás persoas e os grupos no seu medio familiar e entorno comunitario dende o Concello de Lugo crea un novo centro social, así dentro do Centro Social Maruja Mallo encádrase o centro de día “ *novo Antonio Gandoy*”, trátase dun equipamento adscrito a Área de Muller e Benestar social do Concello de Lugo, na actualidade véñense prestando ós servizos de atención a persoas maiores no centro de día municipal Antonio Gandoy, capacidade 20 prazas, se ben son insuficientes polo que se tivo que acudir a entidades privadas a través da figura do concerto de prazas en centros sociais privados.

É necesario por tanto a posta en marcha deste novo Centro de Día ó constituír os centros de día equipamentos sociais de proximidade, de carácter socio-rehabilitador e de estancia diurna para maiores con autonomía reducida, constituíndo por tanto un recurso adecuado para conseguir os obxectivos de manter e/ou recuperar a autonomía da persoa maior, mantela no seu medio familiar e comunitario, evitando a súa institucionalización e apoiar ás familias que atenden ós maiores, sendo este Servizo demandado cada día en maior volume, tal e como se recolle na lista de espera existente na actualidade.

O presente prego redáctase ó abeiro do establecido no art.251 e seguintes da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e ten por obxecto describir o contido do servizo de atención no Centro de Día e establecer as obrigas, condicións técnicas e actividades específicas que deben ser asumidas e desenvoltas pola empresa adxudicataria da prestación do servizo de xestión así como da empresa suministradora da comida.

CLÁUSULA PRIMEIRA.- CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

É obxecto deste contrato a xestión do servizo público de titularidade municipal centro de día “ *novo Antonio Gandoy*”, así como da subministración de comidas a dito centro social.

Esta xestión concretase na prestación dos seguintes servizos:

1.- XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CENTRO DE DÍA “ NOVO ANTONIO GANDOY”

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

É obxecto deste contrato a xestión do servizo público de titularidade municipal centro de día “ *ново* Antonio Gandoy”, de atención ás persoas maiores, sendo os servizos a prestar pola empresa adxudicataria: servizos de estancia diurna e transporte. O número de prazas a xestionar é de 50.

Dito servizo prestarase tódolos días da semana, excepto festivos, co seguinte horario:

Dde luns a sábado : de 8: 30 horas a 20:30 horas

Os domingos: de 11:00 horas a 18:00 horas

Levaranse a cabo os seguintes módulos de atención:

Módulo de prestacións sociais.

Módulo de atención xeriátrica-rehabilitadora e social

Módulo de atención á saúde psicofísica.

Módulo de socialización e participación.

Así como SERVIZO DE TRANSPORTE

O servizo de transporte consistirá no traslado dos usuarios dende o domicilio ó centro de día e dende o centro de día o domicilio.

O transporte realizarase tódolos días que o centro esté aberto, cun número de vehículos de transporte que sexa suficiente para tódolos usuarios, realizando as viaxes necesarias para que os usuarios estén no Centro nos horarios establecidos, dende as 8.00 horas áta as 10.15 como máximo (hora de entrada) e dende as 19.30 áta as 20.30 (hora de saída) agás os domingos hora de entrada como máximo as 12.00 horas 18.00 horas (hora saída).

Con estes servizos preténdese acadar los seguintes obxectivos:

Previr a progresión das situacións de deterioro físico e psíquico.

Conservar e recuperar a autonomía persoal.

Manter os maiores no seu medio habitual de vida.

Apoiar ás familias que atenden ós seus maiores.

Previr situacións de crise individual e/ou familiar prestando apoio persoal e social.

2.- SUBMINISTRACIÓN DE COMIDA O CENTRO DE DÍA NOVO ANTONIO GANDOY

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

Servirase unha comida preparada (xantar), así como a entrega a empresa adxudicataria da xestión do servizo do centro de día das materias primas e os produtos necesarios para a elaboración do almorzo e merenda, ditos menús deberán ser supervisados por un dietista, cun aporte calórico e dietético axeitado, e garantindo en todo momento as garantías hixiénicas que contempla a lexislación vixente, a empresa adxudicataria deberá dispor dun sistema de distribución que lle permita entregar diariamente ditos menús ó centro de día e ter cubertas en todo momento as necesidades de toda a semana.

CLAUSULA SEGUNDA.- PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO

LOTE 1

XESTIÓN CENTRO DE DÍA NOVO ANTONIO GANDOY

1.1.- SERVIZO DE ESTANCIA DIURNA, cos seguintes módulos de atención:

Módulo de prestacións sociais.

- Acollemento e orientación ó usuario/a
- Coordinación co plan de intervención establecido polo/a traballador/a social adscrito/a ós centros de día do concello
- Relación permanente coa familia.
- Seguimento do caso
- Coordinación cos servizos sociais de atención primaria e/ou atención especializada
- Adopción de medidas nos casos que por condicionamento de índole física ou psíquica poidan preverse situacións de risco para a integridade do usuario, estableceranse medidas de control e protección.
- No caso de urxencia efectuarase o traslado e acompañamento dos usuarios ós centros sanitarios, sen perxuízo de utilizar os medios e recursos do sistema de saúde, sendo a cargo dos familiares o seguimento e acompañamento no centro sanitario.

Módulo de atención xeriátrica-rehabilitadora e social

- Levaráanse a cabo todas aquelas actuacións encamiñadas a alcanzar e manter a saúde, autonomía persoal e integración social no maior grado posible.
- Creación dun expediente persoal para cada usuario no que se fará constar información social e médica, así como do programa a que esté suxeito o usuario.
- Levaráanse a cabo actuacións de medicina preventiva e rehabilitadora dirixidas a manter e mellorar a saúde e autonomía persoal dos usuarios.

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

- Prestaranse ós usuarios os tratamentos de fisioterapia e terapia ocupacional.

Módulo de atención á saúde psicofísica.

a) Autonomía persoal:

- Adestramento en habilidades para favorecer modos de vida independentes
- Realización de exercicios de rehabilitación menor, encamiñados ó mantemento e á recuperación da autonomía funcional
- Realización de tarefas para o mantemento e recuperación das habilidades da vida diaria
- Aplicación e establecemento de condicións ambientais para mellora-la orientación témporoespacial
- Colaboración na correcta administración do tratamento médico prescrito
- Calquera outra atención de carácter persoal e específico para acadar-la finalidade do servizo

b) Hixiene e coidado persoal:

- O aseo diario debe realizarse no domicilio do usuario. A empresa adxudicataria complementará o dito aseo en caso de que sexa necesario, sendo a cargo do usuario os útiles de uso persoal así como o material de incontinencia, se ben as toallas e os produtos de aseo de uso común (xabóns-colonias-papel hixiénico) os aportará o adxudicatario.
- O Servizo incluírá ademais o apoio necesario para a mobilización dos usuarios a fin de manter un nivel de funcionalidade adecuado.

c) Dietética:

- Atenderanse as necesidades nutricionais dos usuarios, de acordo co seu estado orgánico e metabólico, segundo as indicacións dos facultativos que correspondan.
- Así mesmo o adxudicatario deberá de achegar o material necesario para servir os menús: menaxe, louza, carros obxecto de uso, manteis e demais material necesario para a prestación do servizo, procedendo así mesmo a limpeza dos offices e retirada do lixo ós contenedores xerais.
- Procederáse ó reparto dos menús entre os usuarios e deberáse prestar a axuda persoal necesaria ós usuarios que non poidan comer por sí mesmos, utilizando no seu caso os medios técnicos precisos.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

-Levarase a cabo a elaboración e reparto dos almozos e das merendas entre os usuarios.

- Módulo de socialización e participación.

a) Relacións persoais:

- Creación de grupos de diálogo e fomento das relacións interpersoais
- Encontro con outros colectivos e planificación de actividades comúns
- Celebración de festas, aniversarios, etc.

b) Ocio e cultura:

- Organización de xogos e actividades de ocio
- Audicións musicais
- Audiovisión de películas
- Grupos de lectura
- Recollida e exposicións de fotografías

c) Actividades creativas:

- Talleres diversos de debuxo, pintura, manualidades, etc.
- Taller de estimulación cognitiva
- Elaboración dun programa de actividades de animación.

Outras atencións:

- Aqueloutras que se poidan acordar e que sexan necesarias para o normal funcionamento do servizo.

1.2.- SERVIZO DE TRANSPORTE

.- As condicións para a prestación do servizo son as seguintes:

O servizo de transporte consistirá no traslado dos usuarios do domicilio ó Centro de Día e viceversa.

-O transporte realizarase tódolos días da semana, agás os festivos, cun número de vehículos de transporte que sexa suficiente para que tódolos usuarios/as estean no Centro dentro do horario sinalado no parágrafo seguinte e como tope máximo ás 10:15 horas. Por outra banda e tendo en conta as limitacións e a idade das

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

persoas usuarias deste servizo é recomendable que o tempo entre a recollida do usuario no domicilio e a entrada no Centro sexa o mínimo posible, evitando calquer tipo de demora. A estes efectos a empresa adxudicataria respectará as instrucións dadas polo responsable municipal dos Centros de Día.

- Realizaranse as viaxes necesarias -co obxecto de transportar un total de 50 usuarios/as- nos horarios establecidos ó efecto e que en condicións normais abranquen dende as 8.00 horas áta as 10.15 como máximo (hora de entrada) e dende as 19.30 áta as 20.30 (hora de saída) agás os domingos hora de entrada como máximo as 12.00 horas, 18.00 horas (hora saída).
- Procederáse á identificación dos vehículos utilizados para o transporte coa colocación do anagrama do Concello de Lugo en ambos laterais e na parte traseira do vehículo.
- O servizo de transporte ordinario contará a lo menos cun/ha conductor/a e cun/ha acompañante, para á axuda na mobilidade dos usuarios, comprendendo ésta o acompañamento dende o portal do domicilio ata o vehículo, dende este ata a recepción do CENTRO DE DIA, e viceversa.
- O responsable do Centro, para os supostos de usuarios/as moi afectados físicamente que non poidan trasladarse facilmente ó portal do domicilio e carezan de axuda, avaliará se é procedente ou non o acompañamento dende o domicilio ata o vehículo e viceversa. Así a empresa contratante deberá dispoñer os medios persoais e materiais necesarios para prestar este servizo nas condicións expostas.
- O vehículo deberá dispoñer de plataforma elevadora e demais medios para facilita-lo acceso de persoas con mobilidade reducida, estará dotado con sistemas de anclaxe para as cadeiras de rodas e con mecanismos de seguridade para evitar desprazamentos nas maniobras do vehículo.
- O vehículo deberá dispoñer de escalón retractil en porta de servizo para facilita-lo acceso de persoas con mobilidade reducida, así como cun dispositivo mans libres para o teléfono móbil.
- A empresa será responsable do cumprimento das obrigas tributarias e sociais que puideran derivarse, así como as relativas á hixiene e seguridade no traballo. Este persoal deberá acata-las observacións ou suxestións que se formulen polo responsable municipal.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDROY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

- Para o non especificado nas presentes condicións acordarase o procedemento a seguir co responsable municipal.
- Os vehículos deberán cumprir coa normativa esixible para o traslado de persoas maiores e con mobilidade reducida, así como calquera outra normativa que lle sexa de aplicación.
- Os conductores dos vehículos deberán cumprir os requisitos establecidos pola normativa vixente.
- A empresa será responsable do cumprimento das obrigas tributarias e sociais que puideran derivarse, así como as relativas á hixiene e seguridade no traballo.
- A empresa adxudicataria deberá achegar relación dos medios humanos e materiais que adscribe á execución do contrato, con expresión da matrícula dos vehículos, data da primeira matriculación , número de prazas, datos do persoal conductor e acompañante.
- O persoal da empresa adxudicataria deberá levar a súa identificación persoal e profesional en lugar visible, adherida a camisa do uniforme.
- O adxudicatario deberá adoptar as medidas necesarias para manter os vehículos en perfectas condicións técnicas de limpeza e hixiene.
- Así mesmo adoptará tódalas medidas de seguridade e de protección esixidas pola normativa vixente en relación ós usuarios como ós seus traballadores.
- A empresa adxudicataria terá nos vehículos follas de reclamacións a disposición dos usuarios e dos seus familiares, debendo dar conta ó responsable municipal de calquer incidencia que se recolla nos mesmos.
- No caso de que non se puidera prestar o servizo con normalidade o adxudicatario deberá poñer os medios necesarios para que o mesmo se efectúe coa mínima perda de tempo, e se non fora posible serán o seu cargo os gastos de transporte alternativo.

LOTE 2.- SUBMINISTRACIÓN DE COMIDA O CENTRO DE DÍA NOVO ANTONIO GANDROY

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

1. Servirase unha comida preparada (xantar), os ditos menús deberán ser supervisados por un dietista, cun aporte calórico e dietético adecuado, e garantindo en todo momento as garantías hixiénicas que contempla a lexislación vixente, a empresa adxudicataria deberá dispor **dun sistema de distribución que lle permita entregar diariamente ditos menús** ó centro de día e ter cubertas en todo momento as necesidades de toda a semana.

Dito menú consistirá en:

primeiro prato variado: alternando legumes, pastas, sopas, verduras etc. ,
segundo prato: carnes, pescados variados, ovos, con guarnición no seu caso ou patacas
postre: compostos de froitas de temporada, iogures, almíbar, flan etc

En caso de rexímenes alimentarios especiais ofreceranse dietas adecuadas ás necesidades do usuario axustándose a varios tipos de menús (normal, sen sal, diabético, dieta blanda etc)

En todo caso tódalas materias primas e produtos servidos pola empresa que resulte adxudicataria deberán cumpri-la normativa legal e reglamentaria existente en cada momento.

2. Asi mesmo a empresa adxudicataria deberá facilitar e entregar, a empresa adxudicataria da xestión do servizo do centro de día, as materias primas e os produtos necesarios para a elaboración do almorzo e merenda, **non aboándose prezo algún por dita subministración posto que vai incluído este custo no prezo de licitación.**

As entregas de materias primas serán as necesarias para garantir a elaboración de:

ALMORZO: consistente en café con leite, leite con cacao, infusións, froitas ou zumes, manteiga e mermelada individual, galletas ou bollería a elixir.

MERENDA: café con leite ou infusións, galletas, iogures, produtos de pastelería etc

3. - O proceso de elaboración dos pratos será a través de abatemento en frío **agás nos casos de elaboracion dos menús no propio día de distribución nos que non será necesario o dito proceso, todo esto sen prexuízo de que a empresa deba dispor do dito sistema de abatemento.** A preparación e elaboración do xantar realizarase **nas instalacións do adxudicatario** e en ningún caso nas dependencias do centro de día, salvo almorzos e merendas, en consecuencia o adxudicatario deberá dispor dun sistema de produción en cadea

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

que garantice a seguridade alimentaria e a conservaci3n das características das comidas.

4.- As comidas e pratos cociñados deberán suministrarse a temperatura adecuada **para o seu consumo inmediato** e coas garantías hixiénicas que contempla a lexislaci3n vixente e deben cubrir as necesidades de toda a semana.

5.- A distribuci3n dos menús levarase a cabo con entregas diarias, e realizarase en furg3ns isotérmicos. **A empresa facilitará diariamente a louza necesaria para o consumo dos menús do xantar e a retirará ó longo do día para a súa limpeza pola empresa.**

6.- O horario de entrega será de 12:30 a 13:00 horas, en todo caso media hora antes da hora establecida para o xantar, se ben en casos excepcionais poderán habilitarse outros horarios previa valoraci3n das circunstancias existentes por parte dos técnicos dos servizos sociais.

7.- A alimentaci3n dos usuarios deberá cumpri-los seguintes obxectivos:

- ✓ Ser completa e equilibrada
- ✓ Ter unha presentaci3n atractiva.
- ✓ Ser variada adaptándose ás necesidades dos usuarios.
- ✓ Estar convenientemente realizada e condimentada
- ✓ Estar adaptada á gastronomía local e á época do ano.
- ✓ Adaptarse e satisfacer, na medida do posible, os gustos e hábitos dos usuarios

8.- As empresas que se presenten como licitadoras deberán presentar un **Manual de dietas** que incluírá tanto informaci3n relativa ós platos – mediante fichas técnicas de elaboraci3n e fichas dietéticas – como a descripci3n polo miúdo de cada unha das dietas especificando o nome, indicaci3ns (patologías ás que se pode aplica-la dieta), obxectivos e características (alimentos permitidos, alimentos a evitar)

A ficha de elaboraci3n dos platos deberá incluír o nome do plato, número de raci3ns, ingredientes ou componentes, explicaci3n dos procesos que sofren os alimentos nas diferentes fases de preparaci3n, elaboraci3n, presentacion e distribuci3n.

A ficha dietética informará do análise nutricional de cada plato.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

O Manual de dietas que presenten será valorado pola médica municipal que determinará se se axusta ás recomendacións esixibles e ás cantidades mínimas diarias recomendadas. O contratista non poderá realizar modificacións nas dietas que realice sen autorización municipal. Asimesmo a introducción de calquera menú novo deberá supervisarse pola médica municipal antes da incorporación ó menú dos usuarios.

Tódalas materias primas e produtos servidos pola empresa que resulte adxudicataria deberán cumprir-la normativa legal e reglamentaria existente en cada momento.

O contratista deberá facilitar ós servizos sociais municipais, o acceso ás súas instalacións para efectuar tarefas de inspección e avaliación dos servizos.

9. O adxudicatario comprométese a manter un stock de seguridade: con lácteos, froitas, infusións, auga embotellada, auga gelificada etc. É comprométese a resolver coa máxima dilixencia a falta de calquera menú ante un imprevisto.

10. O adxudicatario disporá do seu propio persoal, incluído un dietista, para atender o servizo, que deberá ser cualificado e especializado, debendo reunir todos os requisitos esixidos na lexislación vixente en materia de manipulación de alimentos.

11. O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene e seguridade no traballo, convenio colectivo de hostelería etc.

CLÁUSULA TERCEIRA.- RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E O/OS CONTRATISTA/S

O Concello terá, en todo caso, as seguintes potestades en relación á execución do servizo:

- Marca-las directrices de organización e xestión do servizo.
- Ordena-las modificacións na realización do servizo que o interese público aconselle e que lle serán comunicadas con antelación suficiente á/ás entidade/s adxudicataria/s, así como establece-los indicadores e requisitos de calidade que terá que cumprir-la empresa adxudicataria.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref^o: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

➤ Fiscaliza-la xestión do servizo, inspeccionando as tarefas que estean a desenvolver para comprobar se son acordes coas indicacións dadas, pedir tanta información sexa necesaria e dá-las ordes oportunas para manter e restablece-la debida calidade da realización do servizo.

➤ Dirixi-las actividades e controla-lo correcto desenvolvemento das prestacións asignadas a cada usuario/a. O Concello será responsable do seguemento e avaliación do servizo

Serán obrigas xerais do/s contratista/s, ademais das contidas noutras cláusulas deste prego, as seguintes:

Obrigas comúns para o lote 1 e lote 2

➤ Asumi-la xestión do servizo con obxectivos claros de ofrecer un servizo de carácter social, que require unha permanente disposición organizativa, unha ampla flexibilidade e adaptación ás distintas situacións que poidan xurdir.

➤ Cumpri-las ordes do Concello dadas polo responsable dos Servizos Sociais respecto ás altas, baixas, extincións, aumento ou diminución do tempo do servizo a cada usuario ou de comidas así como das modificacións na atención dos servizos obxecto do presente contrato.

➤ Obter tódalas autorizacións que sexan necesarias en cada momento para realización dos servizos obxecto do contrato, especialmente para o caso do adxudicatario do servizo de manutención, tódalas autorizacións en materia hixiénico-sanitaria. Asimesmo deberá cumprir tódala normativa vixente en materia de elaboración, distribución e comercio de alimentos e calquera outra que lle sexa de aplicación á empresa.

➤ Contar, en todo momento, cos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atende-los servizos obxecto de contrato, asumindo tódalos custos derivadas da relación de dependencia do persoal, así como tódalas responsabilidades, tanto na execución do servizo como en materia de persoal, que en ningún caso se considerará como persoal do Concello, acreditándose o cumprimento da lexislación e do convenio colectivo laboral de aplicación ó servizo vixente en cada momento.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

- Dotar a todo o persoal afecto ó servizo de tarxeta de identificación e uniforme, a tal efecto as empresas deberán presentar xunto coa súa oferta, deseño do uniforme que utilizará o persoal que prestará o servizo.
- O persoal da/s entidade/s adxudicataria/s deberá manter sempre e inescusablemente o segredo profesional.
- Das circunstancias que poidan vincularse a unha situación de violencia doméstica abandono deberá dárselle coñecemento, obrigatoriamente e de inmediato, ó responsable municipal do servizo-
- O/Os adxudicatario/s deberán incorporar en tódolos materiais que se vaian empregar na execución do contrato (uniformes, documentación...) o logotipo do Concello de Lugo.
- Prohibirles ós seus traballadores aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte dos usuarios. A/as empresa/s serán responsables do seu cumprimento, e deberán informar ó Servizo dos Servicios Sociais de calquera situación desta natureza que se produza.
- Adopta-las medidas necesarias, así como establecer aquelas de contratación laboral que tendan a favorecer-la permanencia dos traballadores, para os efectos de garanti-la continuidade do servizo e evita-la súa rotación.
- A/As empresa/s será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzcan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán de conta da/s empresa/s as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a él ou persoal ó seu servizo.
- A/As empresa/s deberán admitir, a requerimento dos servizos sociais municipais, a posible incorporacion de alumnos en prácticas de formación neste servizo que en ningún caso poderán substituir ó persoal ou profesionais da/s entidade/s adxudicataria/s nas funcións e tarefas obxecto dos contratos. En caso de que a petición desta incorporación veña da/s empresa/s deberá comunicarse e autorizarse polo Concello.

Obrigas específicas da empresa adxudicataria LOTE 1

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

- A empresa adxudicataria da xestión do centro de día facturará por servizos prestados diferenciando o concepto de estancia do de transporte.
- Así mesmo a empresa adxudicataria en especial a encargada da xestión do centro de día obrígase a cubrir as ausencias de persoal, con independencia do motivo de dita baixa, obrigándose a substituír de maneira inmediata ditas ausencias, dispoñer en todo momento do persoal esixido nos presentes pregos así como os ratios exisidos pola normativa vixente, e notificando por escrito tódolos cambios de persoal.
- A empresa adxudicataria deberá contar cunha infraestrutura adecuada para o desenvolvemento do servizo. Deberáse contar como mínimo de local ou oficina ubicados no termo municipal co obxecto de poder desenvolver entre a empresa e os servizos municipais unha xestión e coordinación áxil e eficaz, así como equipos de telefonía e informática precisos.
- A limpeza xeral do centro levaráse a cabo por parte dos servizos municipais.
- A empresa adxudicataria da xestión do centro de día deberá subscribir todos aqueles contratos de mantemento das instalacións necesarios para o que o funcionamento do centro sexa axeitado.
- Será necesario a achega dun Plan de emerxencia e evacuación adecuado ás necesidades do centro en relación á adxudicación xestión centro de día.
- A informar ós responsables municipais de calquer incidencia significativa que poida xurdir durante a xestión do servizo.
- A empresa adxudicataria deberá da xestión centro de día deberá asumir presupostariamente todas aquelas medidas correctoras necesarias para que as instalacións permanezcan en perfecto estado e deberá manter ditas instalacións en idénticas condicións ás que tiña no momento da entrega para a xestión.

A empresa adxudicataria da xestión debe esixir formación técnica ós seus traballadores en materias propias do servizo que deben levar a cabo, e contar cun plan retribuído de formación cun mínimo de 30 horas que deberá recoller, en

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

todo caso, os obxectivos, a metodoloxía, a relación de accións formativas, e o número de horas de formación ás que cada traballador terá dereito.

➤ O/Os adxudicatario/s e o persoal que realiza a atención deberán evitar todo conflito persoal cos usuarios e os seus familiares, informando dos posibles incidentes que xurdan, de forma inmediata, ó técnico municipal responsable. O Concello de Lugo, a través da Concellería de Servizos Sociais, abrirá o correspondente expediente informativo, se procedese.

CLÁUSULA CUARTA.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS

Lote 1 xestión centro de día

1.- O acceso ó centro tramitarase dende os servizos sociais municipais a través das unidades de traballo social de zona, onde se recibirá a demanda e se facilitará o impreso de solicitude para o efecto.

Asignado o servizo, o Departamento de Servizos Sociais deberá comunicarlle ó adxudicatario, sempre previa conformidade do usuario, os seguintes aspectos:

- Concesión municipal da alta do beneficiario no centro de día, é prestacións ás que se acolle.
- Identificación, domicilio e número de teléfono do beneficiario.
- Información social, persoal e familiar, así como, de se-lo caso, aspectos relacionados coa saúde do beneficiario, diagnóstico social, etc., .
- Informe médico, onde se indicarán o tipo de dieta que debe seguir o usuario así como posibles incompatibilidades ou alerxias.
- Plan de traballo expresivo dos obxectivos que se pretenden acadar en relación ó usuario.

2.- En canto as baixas definitivas e temporais (no caso de ausencias superiores a 5 días) deberán ser comunicadas polos usuarios á empresa adxudicataria quen a súa vez informará ó responsable municipal.

A empresa adxudicataria facturará mensualmente e informará en relación a cada usuario: viaxes de transporte realizados por usuario, continxencias que impidan a normal prestación dos servizos tales como

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

baixas temporais no servizo derivadas de causas imprevisibles ou de forza maior (hospitalizacion ou supostos similares).

O adxudicatario informará mensualmente, a través dunha "Folla de Seguimento Individualizado", de tódalas variacións, avaliacións e incidencias que se produzan respecto a cada usuario así como número de horas e servizos realizados polo equipo sanitario e terapéutico a cada usuario, así como actividades lúdicas nas que participa cada usuario, con indicación das incidencias e avaliación correspondente.

O coordinador-director ou encargado que nome o adxudicatario deberá manter unha reunión mensual como mínimo cos/coas técnicos/as municipais dos Servicios Sociais responsables para tratar todas aquelas cuestións que se considere necesario e para realiza-lo seguimento dos casos atendidos.

Anualmente, a empresa adxudicataria deberá presentar unha memoria do desenvolvemento do servizo.

O adxudicatario do servizo, deberá facer os mínimos cambios na atención ós usuarios, co fin de evitar desorientacións e alteracións no ámbito familiar, vida cotiá e intimidade persoal. Todo isto deberase cumprir tendo en conta as obrigas derivadas da relación contractual da empresa co seu persoal. Non obstante, sempre que se produza un cambio, tanto do plan de traballo, de horario, como de persoal, a entidade adxudicataria deberá comunicarllo, coa maior brevidade posible, ós técnicos municipais -para que tales modificacións sexan aprobadas-.

Asimesmo os técnicos municipais , previa fundamentación, poderán esixir-lo cambio de persoal se se considera necesario para o bo funcionamento do servizo ou cando aquel non se adapte ó perfil adecuado ou xurda outra dificultate.

A empresa adxudicataria deberá dispor no centro da seguinte documentación:

En xeral:

Libro de rexistro de usuarios

Expediente dos usuarios

Follas de reclamacións

Regulamento de réxime interno a consensuar cos técnicos municipais

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refª: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDIMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

Tablón de anuncios

Folletos informativos para o usuario e as familias

Planning de quendas da plantilla do centro

En relación a cada usuario/a:

Expediente para cada usuario/a no que se recollerán como mínimo os seguintes aspectos:

· datos identificativos: fotocopia DNI, fotocopia cartilla sanitaria.

· Plan de traballo

· Rexime de visitas ó centro

· historia sociosanitaria:

Informe social

Informe médico, segundo modelo establecido, do seu estado físico e psíquico, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar e, de ser o caso, as dietas especiais a seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes

Fotocopia do Certificado de Minusvalía se o tivese

Fotocopia da Valoración do Grao e Nivel de Dependencia se a tivese

· No caso de persoas que están incapacitadas legalmente, fotocopia da sentenza firme de incapacitación e do nomeamento do seu titor/a legal.

· No seu caso, declaración xurada do gardador de feito

· plan de atención personalizado

· Autorización para o tratamento dos datos de carácter persoal tanto do propio usuario como os do seu entorno familiar, que serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do centro.

· En canto a pertenzas persoais, as persoas usuarias ou os familiares responsables achegarán ao centro para a súa permanencia no mesmo: unha muda de roupa, un neceser con utensilios de aseo (cepillo de dentes, peite, etc.), cueros en caso de seren precisos e calquera outro material ou utensilio que precise.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref#: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

· ó principio de semana o usuario/a ou a súa familia achegará ó centro a medicación que en ese momento deba estar tomando e que estea prescrita polo facultativo correspondente, para a preparación das doses que van a ser tomadas ao longo da semana. Calquera variación das mesmas ten que ser comunicada ao centro de día e a nova dosificación asinada polo médico correspondente.

lote 2 subministración comida

A empresa adjudicataria facturará mensualmente informando en relación a cada usuario/a do número de menús entregados.

Nos supostos de ausencia do usuario, hospitalización, vacacións ou similares non se facturarán os menús non servidos, agás os menús servidos sempre que a ausencia do usuario sexa inferior a 3 días e non se poidera prever e notificar ó adjudicatario.

CLÁUSULA QUINTA.- NOMEAMENTO DE COORDINADOR E PERSOAL QUE SE VAI EMPREGAR

No referente ó LOTE 1

Para a correcta coordinación dos servizos, a/as entidade/s adjudicataria/s asignarán, como mínimo, un **coordinador-director ou encargado**, coas funcións de dirixir e controla-lo correcto desenvolvemento das prestacións asignadas a cada usuario que manterá constantemente informados ós técnicos municipais responsables da marcha do servizo, asumindo as directrices indicadas por estes a fin de lograr unha axeitada implantación e realización do servizo. Contará con experiencia profesional en servizos sociais, especialmente en proxectos de intervención con persoas maiores ou minusválidas, así como no coñecemento e manexo de recursos.

O coordinador estará permanentemente localizable en todo momento co fin de resolver cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo, a tal efecto deberá dispoñer de conexión permanente cos Servizos Sociais Municipais mediante correo electrónico, fax, teléfono fijo e teléfono móbil, así mesmo nas reunións que manteña coas familias dos usuarios deberá

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

informar ós responsables municipais coa finalidade de que estén presentes estes últimos.

A empresa adxudicataria deberán facilitarlles ós seus traballadores un equipo de traballo axeitado no que lucirá o logotipo do Concello de Lugo e un carnet identificativo que lles acredite como traballadores do servizo.

Co fin de mante-la estabilidade do persoal no emprego, acada-la profesionalización do sector e evitar, na medida do posible, a proliferación de contenciosos á empresa que resulte adxudicataria do servizo de xestión centro de día, subrogarse nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que presta actualmente o Servizo no CENTRO DE DÍA MUNICIPAL ANTONIO GANDOY, nos termos establecidos no artigo 63 do V Convenio marco estatal de servizos de atención ás persoas dependentes e desarrollo da promoción da autonomía persoal así como no II convenio colectivo residencias privadas da Terceira idade de Galicia, polo que os/as traballadores/as adscritos á empresa prestadora do servizo no actual Antonio Gandoy pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria do servizo obxecto destes pregos. **Achegase como ANEXO a relación de profesionais actuais da empresa que presta actualmente o servizo no actual centro de día municipal Antonio Gandoy.**

En ningún caso o Concello de Lugo se subrogará nas relacións contractuais entre a/s empresa/s contratista/S e os seus traballadores ó finaliza-la contrata calquera que sexa a súa causa e se proceda ou non a unha nova adxudicación.

O/Os adxudicatario/s dos servizos obríganse ó incremento do persoal necesario para a correcta execución do servizo e mantendo en todo en todo momento os ratios persoal/usuario establecidos na normativa vixente.

No referente ó LOTE 2

No caso de servizo de manutención a empresa adxudicataria deberá contar na súa plantilla cun dietista sanitario que supervise a adecuación das comidas ós usuarios e o seu aporte proteínico.

Disposicións comúns Lote 1 e Lote 2

O persoal que se empregue non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de natureza ningunha co Concello de Lugo, e a/as empresa/s

CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificación pregos

deberán ter debidamente informado ó seu persoal desta cuestión, facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba.

O/Os adxudicatario/s dos servizos deberán cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo referidas ó propio persoal ó seu cargo, e respecta-los convenios colectivos en vigor.

CLÁUSULA SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A/As entidade/s adxudicataria/s e o persoal que empregue obríganse ó cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal en relación cos que coñezan por razón da realización do servizo e, así mesmo, ó respecto do segredo profesional.

O/Os adxudicatari/s do servizo absterase de obter outros datos persoais dos usuarios distintos dos subministrados polo Departamento de Servizos Sociais.

CLÁUSULA SÉTIMA.- RESPONSABILIDADE CIVIL

As entidades adxudicatarias deberán presentar, antes da sinatura do contrato:

Lote 1 xestión centro de día

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 300.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia póliza de accidentes para os usuarios dos servizos, sendo as cuantías mínimas de capitais e garantías as seguintes:

morte 30.000 €

invalidez absoluta e permanente 30.000 €

asistencia sanitaria por accidentes ilimitada en centros concertados.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

Ademáis dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

En caso de accidente ou de perxuizo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

Lote 2 servizo de comida (entregas de menús)

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos suministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 300.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

Ademáis dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

En caso de accidente ou de perxuizo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

CLÁUSULA OITAVA.- FORMA DE PAGAMENTO.

O pago do servizo efectuarase, logo que o contratista presente as correspondentes facturas, **con carácter mensual**, e nelas deberase facer constar:

No referente ó LOTE 1

Relación nominal de usuarios atendidos na mensuralidade e dos servizos realizados, incluíndo detalle dos servizos de transporte.

Así mesmo informará en relación a cada usuario das continxencias que impidan a normal prestación dos servizos tales como baixas temporais no servizo derivadas de causas imprevisibles ou de forza maior (hospitalización ou supostos similares), e entregará o responsable municipal, semanalmente, copias dos partes de transporte así como dos partes de incidencias.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

No referente ó LOTE 2

A empresa adxudicataria facturará mensualmente informando en relación a cada usuario/a do número de menús entregados.

Nos supostos de ausencia do usuario, hospitalización, vacacións ou similares non se facturarán os menús non servidos, agás os menús servidos sempre que a ausencia do usuario sexa inferior a 3 días e non se poidera prever e notificar ó adxudicatario.

Entregará, semanalmente, ó responsable municipal copias dos partes de entregas de comida así como copias dos partes de incidencias.

CLÁUSULA NOVENA.- MEDIDAS EN CASO DE FOLGA

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ó que pertencen os traballadores adscritos ó servizo, o adxudicatario comprométese a manter informada á entidade local das incidencias e coordinará coa Concellería de Muller e Benestar Social os servizos mínimos.

Unha vez finalizada, a entidade adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, un informe -coa conformidade do coordinador do servizo- no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar.

Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da folga, a entidade municipal valorará as deducións que correspondan na factura. Esta valoración comunicaráselle por escrito ó contratista.

CLÁUSULA DÉCIMA: O RÉXIME SANCIONADOR.

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infraccións se clasifican en leves, graves e moi graves.

Faltas Leves:

a) Retraso ou descoido no cumprimento das obrigas.

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

b) Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.

c) En xeral, a falta de puntualidad ou o incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descuido excusable.

d) Tódalas demais infraccións que non sexan graves ou moi graves.

Faltas graves:

a) O trato incorrecto dos empregados da empresa cos usuarios.

b) A falsidade ou falsificación dos servizos.

d) Desobediencia grave das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.

c) En xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas co usuario e a comisión de tres faltas leves no transcurso de un ano.

d) Non garda-lo debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que perxudique ó usuario ou ás familias empregándoo en proveito propio.

Faltas moi graves:

a) A acumulación ou reiteración de tres faltas graves cometidas no transcurso de un ano.

b) O abandono do servizo, as faltas repetidas de puntualidade, a negligencia ou descuido continuado.

c) A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa do Servizo, tanto na súa calidade como na cantidade.

d) A negativa infundada a realiza-los servizos ou tarefas ordenados por escrito polos técnicos municipais ou persoas responsables, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.

e) Cualquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccions e roubo ós usuarios do servizo.

f) As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ó usuario.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído a tal efecto serán as seguintes:

a) No caso de faltas leves; multa ata 300 euros

b) No caso de faltas graves; multa de 301 a 900 euros.

c) No caso de faltas moi graves; multa de 901 a 1803 euros.

A imposición de sancions requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento daráse audiencia ó contratista, practicarásese a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observarásese as

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Refº: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos

garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.”

TERCEIRO.- Aprobar a adxudicacion por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público.

CUARTO .- Publicar novo anuncio de licitacion no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás empresas ofertantes no procedemento de licitacion en tramitación con indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION
XERAL

O XEFE DE SERVIZO DE
CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo. Manuel Louzao Aldariz

CONFORME
A CONCELLEIRA DELEGADA

Asdo. Sonia Méndez García

CONTRATAACION E ASUNTOS XERAIS

MLA/atm

Ref^o: PROPOSTA MODIFICACION PREGOS TÉCNICOS XESTION NOVO ANTONIO GANDOY E SUBMINISTRACION DE COMIDAS. DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION

Asunto: proposta modificacion pregos